


Diseña un plan de difusión para o teu proxecto



Dende o SNA dámosche unhas pautas e recomendacións de como elaborar un bo plan de difusión para o teu proxecto eTwinning:


1) **Dá a coñecer o teu proxecto**

- Incrementa o impacto do teu proxecto dando a coñecer os seus resultados.
- O teu proxecto poderá servir de inspiración a outros docentes europeos.
- Será un recoñecemento ó esforzo do centro escolar.

2) **Diseña o teu plan de difusión**


A elaboración do plan de difusión deberá ser unha tarefa compartida por todos os socios do proxecto, atendendo ás características de cada centro escolar durante todo o período de desenvolvemento do proxecto e despois. Planifícase tarefas realistas, tanto dentro do voso centro escolar como fóra (noutros medios), que respondan ás 7 preguntas clave dunha noticia:

¿Quen?, ¿Que?, ¿Onde?, ¿Cando?, ¿Como?, ¿Canto?, ¿Por que?



3) Ademais dos resultados tanxibles e intanxibles, difunde outros contidos

- A estratexia de comunicación entre os socios, docentes e alumnos.



- O plan de seguridade: netiqueta, permisos familiares, imaxes libres, licenzas de uso.
- O plan de avaliación:

- Instrumentos: portafolios, formularios e enquisas, escala Likert
- Momentos de avaliación
- Rúbricas

4) Grupos destinatarios e como difundir

- Presentade o proxecto a: estudantes, profesorado, familias, inspectores, outros axentes da comunidade educativa, outro persoal, autoridades, outros centros educativos, institucións de educación e formación do profesorado e medios de comunicación (radio e tv local, prensa local ou rexional, segundo o alcance que se poida).



- Adaptade a forma e o contido da mensaxe a cada grupo destinatario. Empregade máis dunha lingua, se é o caso.
- Empregade os medios e recursos ó voso alcance: TwinSpace, contactos en eTwinning, recanto eTwinning no centro escolar, reunións, redes sociais, congresos, seminarios, charlas, xornada de portas abertas, días temáticos, boletíns, folletos, blog de clase, páxina web do centro, prensa, etc.

a. Temporalización

- Antes do inicio do proxecto: plan de difusión. Facede que sexa máis dixital, máis verde e inclusivo.

- Durante o desenvolvemento do proxecto: rincón eTwinning, claustro, consello escolar, páxina institucional, redes sociais, etc.
- Despois: resultados, avaliación do impacto.-----



5) Protección de datos e licenzas

- Facede uso de licenzas abertas. Desta forma, outros usuarios poderán empregar os recursos e materiais que xerarades.
- Deixade acceso aberto a todas as páxinas con actividades que non comprometan a privacidade dos participantes.

6) Recursos

- Publicacións do Servizo Nacional de Apoio eTwinning.
- Vídeos
- Boletín nacional, boletín europeo
- Libro eTwinning
- *As eTwinning Weeks/semanas eTwinning*
- Infografías: *Canva, Genially, Piktochart, Easel, Parchment*
- Folletos e publicacións, pósteres

7) Espazos para difundir boas prácticas

Podedes facer difusión nas vosas canles de comunicación do centro escolar: correo electrónico, blog, páxina web, redes sociais, etc.

Desde as contas oficiais do SNA de *Twitter*, *Facebook* e *Youtube* dáse difusión a boas prácticas e proxectos destacados. Ponte en contacto con nós:



Twitter: @eTwinning_es



Facebook: @eTwinning.esp



Youtube: eTwinning España